



## **PORQUE SOBRAN AS RAZÓNS. SAIAMOS Á RÚA TODA A CLASE TRABALLADORA UNIDA**

De novo, un ano máis, unha mestura de rabia e esperanza convócanos ante o monumento de Recimil, que lembra o acontecido o 10 de marzo de 1972. Xa pasaron 47 anos, mais tan só 13 desde que é oficialmente Día da Clase Obreira Galega. Unha demostración clara de como negocia coa memoria antifranquista este noso país.

Amador Rey e Daniel Niebla terían preferido vernos a toda a clase traballadora na rúa, manifestándonos de forma unitaria, exercendo os nosos dereitos. De seguro que lograríamos que o Ditador e os actuais herdeiros se retorcesen de dor. De forma curiosa, algunhas das reivindicacións daqueles días de febreiro e marzo de 1972 seguen plenamente vixentes hoxe: termos unha xornada de 8 horas, non termos que realizar horas extraordinarias; pedirmos un salario digno.

Estas demandas son hoxe máis precisas que nunca: non esquezamos que o capital dominante e hexemónico logrou implantar, grazas á crise do 2008 e ás decisións cómplices e covardes dos seus gobernos axeonllados, unha política laboral precaria, temporal, inestable, mal remunerada e cunha xornada que se estira e supera os espazos do concreto para abranguer mesmo o tempo de lecer da clase traballadora. Unha política, por riba, asentada na desigualdade salarial e laboral entre mulleres e homes para que nos confrontemos. Non perdamos de vista onde está o horizonte emancipador da clase traballadora e saibamos recoñecer as estratagemas da patronal para dividirnos.

Non perdamos de vista que se deron no 2018 case 600 mortes laborais, sendo Galicia a terceira comunidade en sinistralidade. Non é tolerable, Cómpre reverter esta situación insostible. Sobra as razóns para saírmos toda a clase traballadora

unida á rúa. Amador e Daniel non tiñan dereito á folga, nin tiñan liberdade sindical. Nós si. Aproveitemos moito mellor a ferramenta de loita que é a folga. Naquel 10 de marzo de 1972 milleiros de traballadores desafiaron á patronal, que pechara as portas de Bazán, e camiñaron con paso firme cara a Astano para pedir o apoio dos seus compañeiros. Sabían que enfronte estaba o aparello represor da Ditadura. No barrio do Pilar agardaban os grises que non dubidaron en disparar causando as mortes de Amador e Daniel e ferindo a dúcias de persoas.

Como contou o camarada Fernando Miramontes, daquela responsable de Organización do PCG, a represión seguiría exercéndose con brutalidade, con cárcere e torturas, nos días posteriores ao 10 de marzo, tal como lle pasou a el, cuxa resistencia á tortura significou o triunfo da dignidade fronte á barbarie franquista. O tardofranquismo non era un inocente convidado de pedra. Non. A represión e a violencia seguían aplicándose de forma moi selectiva cando era preciso (asasinato de Enrique Ruano no 1969) ou de forma atropelada e bruta, coma nese día fatídico do 10 de marzo de 1972. Os franquistas entraron en Democracia sen render contas, sen asumir as súas responsabilidades, cambiando unicamente de chaqueta. E así nos vai hoxe. Tristemente.

Hoxe podemos e debemos saír á rúa e exercer todo o noso poder. Pero temos que facelo como unha única clase traballadora unida, desfecendo a atomización laboral que estendeu o capital. Non permitamos a confrontación entre segmentos da propia clase traballadora. Se non reunimos as disgregadas pezas do mosaico ferido da clase obreira, só lle ofreceremos en bandexa de prata o triunfo permanente ao capital e a esa turba de dereita e de extrema-dereita de ropaxes franquistas que vén para cargarse os escasos avances da nosa feble democracia conqueridos, non o esquezamos, grazas á loita da clase traballadora.

A exemplaridade que adquiren Daniel e Amador, asasinados por exerceren a súa dignidade de clase, require de nós, os seus herdeiros e herdeiras, un xeneroso esforzo político, sindical e social para reverter a actual situación fragmentada e conducir de novo, desde unha coherente tese e praxe de esquerdas, á clase traballadora a un horizonte de emancipación.

*Compostela, 10 de Marzo de 2019.*